PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 FEB. 2018
Núm. 7516

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada da elaboración do informe sobre o Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Punto 2. Preguntas

2.1 22614 (10/POC-003716)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a información do Goberno galego respecto das denuncias presentadas en Galicia en relación coas secuelas da cirurxía refractiva e a publicidade enganosa referida a esta, o número de intervencións que se levan a cabo e as follas de información que se entregan aos pacientes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 6269 (10/PNC-000622)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario adoptado o 22 de abril de 2015 en relación coa mellora da atención sanitaria prestada á doenza da endometriose, especialmente en determinados aspectos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017

3.2 6284 (10/PNC-000626)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade, establecida no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro e, en concreto, no seu artigo 71, no referido á participación das mulleres nos consellos de administración das empresas, así como a demanda ao Goberno central do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 FEB. 2018
Núm. 7516

recoñecemento legal da figura do "mobbing maternal"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017

3.3 21180 (10/PNC-001742)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de instalación de cambiadores de bebé en localizacións unisex nos edificios públicos da súa competencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017

3.4 21479 (10/PNC-001757)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as deficiencias existentes nas instalacións e o estado de deterioración do mobiliario do Hospital de Monforte, así como a recuperación da capacidade de xestión desa área sanitaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017

3.5 22860 (10/PNC-001833)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o inicio pola Xunta de Galicia das obras de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao e a súa posta en funcionamento antes do remate da X lexislatura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

3.6 23552 (10/PNC-001869)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que se deben adoptar para mellorar a situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

3.7 24199 (10/PNC-001909)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos que pode ocasionar para a saúde das persoas a contaminación dos solos con lindano no concello do Porriño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 FEB. 2018
Núm. 7516

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:
Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 12/02/2018 9:37:18